

XOGO DAS ESPONXAS

Propoñémosche un xogo moi especial para este verán. Un xogo refrescante e divertido para o que necesitarás:

- Esponxas
- un espazo onde poder xogar mollándose un pouco, xa que o máis divertido deste xogo é de acabar empapados, claro...
- recipientes como caldeiros, tinas, barreños ou tupper grandes.

Para comezar o xogo, haberá que colocar os recipientes para cada participante e outro grande que será o contenedor de auga: o recipiente grande colócase diante de todo a uns metros de distancia cheo de auga e outro baleiro detrás de cada participante. Comeza o xogo e saen os competidores correndo a mollar a esponxa no caldeiro de auga para volver de novo ao punto de partida e escorrerlle toda a auga posible á esponxa no seu caldeiro baleiro.



O primeiro que encha antes o seu recipiente gaña! Se está moi dudosa a cousa, sempre podes probar a contar cantos vasos contén o caldeiro de cada competidor/a ou utilizar un recipiente medidor.

VARIANTE DE RELEVOS PARA GRUPOS:



No caso de xogar con máis nenos e nenas ou grupos numerosos, haberá que colocarse en dúas filas, que serán os grupos rivais. Poñerase o recipiente cheo de auga diante das filas e outro baleiro detrás de cada fila. O primeiro neno/a de cada fila sae correndo ata o caldeiro de auga e deberá volver coa esponxa ben mollada e pasala ao compañeiro/a que está de primeiro, este ao que ten detrás e así sucesivamente, ata que o último da fila escorra a esponxa no seu recipiente. Poden ir cambiando de posición para que a todos lles toque ir por auga coa esponxa.

O equipo que encha o seu recipiente gaña!

Atrévete?